


Esta proba tipo test consta de **40 preguntas**. Marcar con X os cadros correctos na folia que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1. Que tipo de estrutura xeolóxica está representada coa letra A no seguinte mapa?

- a. Un sinforme
- b. Un antiforme
- c. Un estrato horizontal
- d. Un estrato vertical


—> porque o estrato é paralelo ás curvas de nivel (fixate nos límites do estrato); se o estrato cortase as curvas de nivel, saberíamos que estaría inclinado.



2. Cal é a potencia da estrutura anterior?

- a. 150 metros.
- b. 200 metros.
- c. 1,5 quilómetros.
- d. 30 metros.

—> a potencia dun estrato é o grosor dese estrato, dende o teito (límite superior) ata o muro (límite inferior)



3. Cal dos seguintes minerais se orixina polo proceso de sublimación nas emanacións volcánicas:

- a. Xofre.
- b. Silvina.—> por evaporación
- c. Xeso.—> por evaporación
- d. Ouro.—> por disolución de pequenas cantidades de ouro nos líquidos circulantes, e o posterior depósito nas gretas que hai entre os sedimentos, formándose vetas deste mineral

4. Cal destes procesos/situacións NON tivo lugar durante o Precámbrico?
- Primeiros estromatólitos.
 - Atmosfera redutora.
 - Desenvolvemento de grandes bosques de fentos.** —> *no carbonífero (Cámbrico)*
 - Existencia do supercontinente Rodinia.
5. Que acontecemento tivo lugar antes?
- Formación do lignito de As Pontes.
 - Orixe dos granitos da costa atlántica galega.
 - Apertura do océano Atlántico.** —> *fragmentación de Pangea (Galicia, e todos os eventos xeolóxicos que ocorreron nela) teñen lugar despois da fragmentación do supercontinente*
 - Orixe das rías galegas.
6. Sinala cal das series evolutivas é a correcta:
- Peixes-anfibios-aves-réptiles.
 - Anfibios-peixes-aves-réptiles.
 - Anfibios-peixes-réptiles-aves.
 - Peixes-anfibios-réptiles-aves.**
7. Como se distribúe, en xeral, a materia orgánica nos solos ?
- É igual en todos os horizontes.
 - É máis abundante no horizonte C.
 - Aumenta de arriba a abaixo.
 - Aumenta de abaixo a arriba.**
8. Cal dos seguintes procesos NON está asociado a un límite converxente entre placas:
- Subdución. —> *en límites converxentes oceánico-oceánico ou oceánico-continental*
 - Formación de cordia oceánica.** —> *en límites diverxentes*
 - Vulcanismo. —> *en límites converxentes e diverxentes*
 - Sismicidade. —> *en límites converxentes e diverxentes*
9. A discontinuidade de Gutenberg sitúase:
- Na base da litosfera. —> *discontinuidade de Conrad*
 - Entre a cordia e o manto. —> *discontinuidade de Mohorovicic*
 - Entre o núcleo externo e interno. —> *discontinuidade de Lehman*
 - Entre o manto inferior e o núcleo externo.**

Tema 44. Distribución de los microorganismos en la naturaleza



10. Que placa subduce por debaixo da Sudamericana orixinando sismicidade en Chile e Perú?:

- a. A de Cocos.
- b. A Pacífica.
- c. A de Nazca.
- d. A Indoaustraliana.



<https://www.cerebriti.com/uploads/>

11. A separación de Panxea orixinou dous supercontinentes. O situado no hemisferio sur denomínase:

- a. Laurentia.
- b. Gondwana. —> no hemisferio norte orixinou Laurasia
- c. Avalonia.
- d. Austral.

12. No Cabo Ortegal atópase un dos maiores afloramentos de Europa de:

- a. Granito.
- b. Calcárea.
- c. Eclogita.
- d. Lousa.

13. Un pregamento que ten os materiais máis antigos no núcleo correspóndese cun:

- a. Sinclinal. —> ten os materiais máis recentes no núcleo
- b. Anticlinal.
- c. Antiforme. —> ten forma de A
- d. Sinforme. —> ten forma de V

14. A rocha característica da formación “ollo de sapo” en Galicia é:

- a. Granito. —> é a rocha máis abundante de Galicia
- b. Mármor.
- c. Basalto.
- d. Gneis glandular.



15. As formas erosivas, como as marmitas de xigante representadas na figura, son características de:

- a. O curso baixo do río.
- b. O curso medio do río.
- c. O curso alto do río.
- d. Calquera tramo do río.



16. Que tipo de proceso gravitacional causa a curvatura das árbores da imaxe?

- a. Desprendemento
- b. Reptación.
- c. Fluxo.
- d. Esvaramento.




https://www.flickr.com/photos/banco_imagenes_geologicas/5012158361

Fenómenos de ladeira

17. Cal dos seguintes procesos de meteorización dá lugar á formación dos bolos graníticos?

- a. Carbonatación.
- b. Haloclastia.
- c. Xelifracción. —> forma canchais
- d. Hidrólise.



18. A empresa Alcoa, situada no norte da provincia de Lugo obtén aluminio a partir de:

- Pirita.—> *mineral formado por sulfuro de ferro*
- Moscovita.—> *silicato con aluminio; pero para a extracción de metais prefíjense os óxidos*
- Bauxita.**—> *mineral formado por óxido de aluminio; díse que é unha mena do aluminio*
- Calcita.—> *mineral formado por carbonato de calcio*

19. Cal dos seguintes enunciados se corresponde co concepto de “perfil dun solo”:


- A orde de deposición de estratos.—> *historia xeolóxica*
- Conxunto de horizontes diferenciados.**
- Inclinación respecto á horizontal.—> *buzamento*
- Características rexistradas nunha base de datos.

20. Cal dos seguintes procesos é posterior ao inicio da apertura do Océano Atlántico: *—> comezou hai 200 ma (Xurásico - Mesozoico)*

- Oroxenia Alpina.**—> *Comeza no Cretácico sup. (Finais do Mesozoico)*
- Oroxenia Varisca ou Hercínica.—> *dende o final do Devónico ata mediados do Pérmico (Paleozoico)*
- Extinción dos Trilobites.—> *finais do Pérmico (Paleozoico)*
- Aparición dos primeiros vertebrados.—> *Devónico (Paleozoico)*

21. Cal é a razón de que as ondas S deixen de propagarse a partir de 2900 km de profundidade?:

- A diminución do gradiente xeotérmico coa profundidade.
- As ondas S non se propagan en medios fluídos.**
- As ondas S non se propagan en medios sólidos.
- O aumento da presión litostática coa profundidade.



<http://recursostic.educacion.es/ciencias/biosfera/web/alumno/4ESO/MedioNatural2/actividad10.htm>

22. En relación ao risco sísmico, as normas de construción sismorresistente axudan a reducir a:

- a. Magnitude. —> *cantidade de enerxía liberada nun sismo*
- b. Exposición. —> *total de personas ou bens expostos a un determinado risco*
- c. Vulnerabilidade. —> *grao de dano expresado en perdas respecto do total exposto*
- d. Periodicidade. —> *período de tempo no que se repite un suceso*

23. Cal das seguintes estruturas se formou pola acción erosiva do mar?

- a. Plataforma de abrasión.
- b. Duna. —> *transporte e sedimentación eólicos (vento)*
- c. Tómbolo. —> *sedimentación mariña*
- d. Frecha litoral. —> *sedimentación mariña*

24. No recente Cumio do Clima de Madrid (COP25) debateuse a necesidade de reducir o uso de carbón como combustible porque causa os seguintes impactos:

- a. Destrución do ozono estratosférico. —> *por compostos fluorocarbonados (CFC)*
- b. Eutrofización e chuva ácida. —> *eutrofización: por contaminación con deterxentes e fertilizantes*
- c. Quecemento global e salinización de acuíferos. —> *salinización de acuíferos: por sobreexplotación de acuíferos próximos ó mar*
- d. Chuva ácida e quecemento global.

25. Nun lago, cal sería a orde correcta de precipitación de grupos de minerais?

- a. Haluros, Sulfatos e Carbonatos.
- b. Carbonatos, Sulfatos e Haluros.
- c. Silicatos, Sulfuros e Haluros.
- d. Haluros, Óxidos e Carbonatos.

26. Cales destes minerais podemos atopar nas rochas dun macizo kárstico? —> *composto principalmente de carbonato cálcico*

- a. Magnetita, Siderita, Limonita, Malaquita. —> *magnetita e limonita = óxidos*
- b. Pirita, Calcita, Halita, Pirolusita. —> *pírita = sulfato / halita = cloruro sódico*
- c. Aragonito, Calcita, Magnesita, Malaquita. —> *todos teñen carbonato na súa composición*
- d. Calcita, Pirita, Galena, Halita. —> *pírita e galena = sulfatos / halita = cloruro sódico*

—> *siderita, malaquita, calcita, pirolusita, aragonito e calcita temen carbonato na súa composición*

27. De cal das seguintes rochas é característica a fractura concoidea?

- a. Basalto. —> *cunha cara cóncava e convexa no complementario*
- b. Mármore. (Con forma de cusca ou cuncha)
- c. Granito.
- d. Obsidiana.

28. Tendo en conta a definición estrita de mineral, cal das seguintes substancias se considera un mineral:

- a. Xeo. —> sólido, inorgánico, natural, estrutura cristalina e composición química definida (H_2O)
- b. Mercurio líquido. —> non é sólido
- c. Petróleo. —> non é sólido
- d. Ámbar. —> non é inorgánico

29. Tendo en conta que o granito é unha das rochas máis abundantes en Galicia, cal é o motivo de que nas areas das praias predomine o seixo fronte aos feldespatos e ás micas?

- a. É un mineral que pode ter hábito en forma de prismas hexagonais.
- b. É un mineral que ten dureza 3.
- c. É o mineral que cristaliza a menor temperatura.
- d. É o mineral co que se fai o vidro.

30. Por que NON é frecuente atopar fósiles en Galicia?

- a. Pola escaseza de rochas sedimentarias na nosa litoloxía.
- b. Porque cando se formaron as rochas non existía vida no planeta.
- c. Porque non están suficientemente estudados.
- d. Porque foron destruídos pola Oroxenia Alpina.

—> a rocha maioritaria en Galicia é o granito (volcánica); as seguintes en abundancia son rochas metamórficas

31. Que condición NON intervéñen na formación de lignito?

- a. Acumulación de restos de plancto mariño. —> formación de petróleo
- b. Transformación de vexetais en condicións anóxicas.
- c. Proceso de subsidencia das cuncas de sedimentación.
- d. Aumento de presión e temperatura durante o proceso de formación.

32. Por que na Lúa se poden observar moitos máis cráteres de impacto que na Terra?

- a. Porque é moito máis antiga que a Terra.
- b. Porque na Lúa, ao non ter atmosfera, non hai procesos erosivos.
- c. Porque os impactos meteoríticos sobre a Terra foron borrados polo vulcanismo.
- d. Na Terra tamén hai moitos cráteres, pero están cubertos pola vexetación.


33. Para que teña lugar un eclipse de Lúa, deben darse as seguintes condicións:

- a. O Sol, a Lúa e a Terra están aliñados nesta orde. —> eclipse de Sol
- b. O Sol sitúase entre a Terra e a Lúa.
- c. O Sol, a Terra e a Lúa están aliñados nesta orde.
- d. A Lúa está en fase de Lúa Nova.

34. A pumita é unha rocha que presenta numerosos poros. A que se debe?

- a. Á presenza de moitos gases no magma orixinal.
- b. Ao seu lento arrefriamento.—> *é unha rocha volcánica de rápido enfriamento*
- c. Á presenza de minerais leucocratos (de cor clara).
- d. A súa baixa densidade.—> *consecuencia da presenza de moitos poros; pero non é a causa deles*

CONTESTA AS SEGUENTES CUESTIÓN S SOBRE O BLOQUE-DIAGRAMA QUE APARECE A CONTINUACIÓN:



35. Elix a orde correcta (de máis antigo a máis moderno):

- a. D, H, F2, G, E, F1 e E.
- b. H, F2, D, G, A, E e F1.
- c. H, F2, D, G, A, F1 e E.
- d. H, F2, D, G, F1, A e E.

36. En relación ás fallas do corte, que frase sería correcta? —> *falla normal = falla directa: o bloque afundido 'apóíase' sobre o plano de falla*

- a. A falla F1 é unha falla normal anterior á falla F2
- b. A falla F1 é unha falla inversa posterior á falla F2 —> *F1 é unha falla normal ou directa*
- c. A falla F1 é unha falla inversa anterior á falla F2 —> *F1 é posterior porque corta a estratos posteriores a F2*
- d. A falla F1 é unha falla normal posterior á falla F2

37. Cantas fases erosivas tiveron lugar?

- a. Unha.
- b. Dúas. —> *a primeira despois da intrusión de D porque afecta a D, a H e á falla F2; a segunda despois de E.*
- c. Catro.
- d. Ningunha.

38. A descontinuidade erosiva B é :

- a. Unha discordancia angular entre G-H e unha inconformidade entre G-D.
- b. Unha paraconformidade entre G-H e unha inconformidade entre G-D.
- c. Unha discordancia angular na súa totalidade.
- d. Unha concordancia na súa totalidade.

—> Trilobites: fósiles do Paleozoico

39. Na serie representada coa letra H encontráronse fósiles de trilobites, mentres que no estrato G apareceron icnitas de dinosauros. A que oroxenia corresponden as estruturas xeolóxicas representadas no corte? —> Dinosaurios: fósiles do mesozoico

- a. O pregamento da serie H e a falla F2 á oroxenia Alpina, e a falla F1 á oroxenia Varisca ou Hercínica.
- b. O pregamento da serie H á oroxenia Varisca ou Hercínica, e as fallas F1 e F2 á oroxenia Alpina.
- c. O pregamento da serie H e a falla F1 á oroxenia Varisca ou Hercínica, e a falla F2 á oroxenia Alpina.
- d. O pregamento da serie H e a falla F2 á oroxenia Varisca ou Hercínica, e a falla F1 á oroxenia Alpina.

40. Tendo en conta que no estrato E apareceron restos de homínidos primitivos, a que era xeolóxica pertence o citado estrato?

- a. Mesozoico.
- b. Paleozoico.
- c. Cenozoico. —> Cuaternario
- d. Precámbrico.

—> Fase tectónica dunha oroxenia: 1º esforzos compresivos (pregamentos e fallas inversas); 2º esforzos distensivos (fallas directas)

—> Pregamento + Falla directa pertencen probablemente á mesma oroxenia

—> Oroxenia Caleidoniáica: Cámbrico-Ordovícico

—> Oroxenia Hercínica ou Varisca: Devónico medio-Pérmico

—> Oroxenia Alpina: Fin Mesozoico-Cenozoico

—> concordancia: contacto normal entre estratos

—> discordancia: estrato horizontal sobre estrato con pregamentos

—> inconformidade: contacto entre dous estratos de diferente orixe (sedimentario-ígneo; sedimentario-metamórfico)

—> paraconformidade: contacto entre dúas series con idades moi diferentes (no medio falta algún estrato de idade intermedia)